



Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
36007552	CIFP A GRANXA	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMAGA03	Xardinaría e floraría

Módulo profesional

Código	Nome
MP0407	Taller e equipamentos de tracción

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Ordinario	Presencial	1º

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Verónica Sieiro González

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
5	Operacións de soldadura e de mecanizado básico			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Realiza operacións de soldadura e de mecanizado básico, e xustifica os materiais e os métodos empregados. 	CA2.1 Identifícanse as ferramentas e os equipamentos máis utilizados para realizar operacións de mecanizado básico.	Sí	Sí	P.E.
<ul style="list-style-type: none"> 	CA2.2 Descríbonse os procesos de soldadura utilizados no taller dunha explotación agraria.	Sí	Sí	P.E.
<ul style="list-style-type: none"> 	CA2.3 Caracterízanse os equipamentos de soldadura segundo o procedemento que se vaia utilizar.	Sí	Sí	P.E.
<ul style="list-style-type: none"> 	CA2.4 Realízanse unións de elementos e recargas de material por distintos procedementos de soldadura.	Sí	Non	T.O.
<ul style="list-style-type: none"> 	CA2.6 Realízanse operacións de mecanizado básico utilizando ferramentas e máquinas sinxelas.	Sí	Non	T.O.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os CA imprescindibles na UD 1 son: CA1.1, CA1.2, CA1.7, CA1.8; na UD2 son: CA2.1, CA2.5 e CA2.6; na UD3 son: CA3.1, CA3.2, CA3.3, CA3.4; na UD4 son: CA1.1 e CA1.2.

Os CA imprescindibles na UD non impartida de forma presencial, isto é, na UD 5, son: CA2.1, CA2.2., CA2.3., CA2.4. CA2.6.

Os tres primeiros consideranse acadados e traballados mediante os apuntamentos e material didáctico relativo a este tema así como cuestionarios (P.E.) para que cumprimentaran durante o confinamento. Ante a imposibilidade de avaliar a consecución dos CA2.4. CA2.6 por ter carácter práctico e executivo, atenderase ó recollido no punto 5.1 das Instrucións do 27 de abril, no apartado de FP (incorporalo nun módulo de segundo curso ou como actividade de formación).

Salientar que efectivamente foi posible a realización da proba escrita correspondente á segunda avaliación xusto antes do comezo do confinamento, polo cal teñense evidencias suficientes para avaliar ó alumnado tanto na parte práctica como na teórica, no transcurso das dúas primeiras avaliacións, de tal maneira que a nota final do módulo será a nota media das 2 primeiras avaliacións. Non se terá en conta o traballo telemático feito polo alumno durante o confinamento a non ser que éste beneficie ó alumno, de tal maneira que os alumnos que remitiron os traballos con resultados satisfactorios á docente, poderán subir nota final.

A cualificación final estará comprendida entre 1 e 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superar o módulo de 5 puntos.

Para o redondeo das notas, a partir de 0,5 (inclusive) redondease á alza. Por exemplo, 4,5 sería un 5 (aprobado) pero 4,4 sería un 4 (suspenso).



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	Manexo do tractor e outros equipamentos de tracción a motor.			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Manexa o tractor e os equipamentos de tracción, con interpretación da súa funcionalidade e do seu uso. 	CA1.1 Identificáronse as partes e os compoñentes dun tractor e dos equipamentos de tracción.	P.E.
		<ul style="list-style-type: none"> 	CA1.2 Descríbíronse os sistemas do tractor e dos equipamentos de tracción.	P.E.
		<ul style="list-style-type: none"> 	CA1.7 Engancháronse os apeiros e a maquinaria ao tractor.	T.O.
		<ul style="list-style-type: none"> 	CA1.8 Realizáronse actividades de manexo de tractores sen apeiros.	T.O.

Nº	Unidade didáctica			
2	Mantemento básico do tractor e dos equipamentos de tracción.			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	RA2 - Realiza o mantemento básico do tractor e dos equipamentos de tracción, para o que interpreta os protocolos e as fichas de mantemento.	CA2.1 Descríbíronse e efectúanse as principais operacións de mantemento.	T.O.
		RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos	CA2.5 Realízase a montaxe e a desmontaxe de elementos e sistemas simples e a reparación básica.	T.O.
			CA2.6 Realizáronse substitucións e reparacións básicas.	T.O.



3				
Prevenção de riscos laborais e de protección ambiental no taller agrario				
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	CA3.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas do taller agrario.	P.E.
			CA3.2 Descríbironse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpre adoptar na execución de operacións na área de electromecánica.	P.E.
			CA3.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de traballo.	P.E.
			CA3.4 Identificáronse os principais factores físicos e químicos do ámbito do traballo que poidan supor un risco para o persoal e para a protección ambiental.	P.E.

Nº				
Unidade didáctica				
4				
O taller agrario. Ferramentas e equipamentos				
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	RA1 - Organiza o taller da explotación, e xustifica a localización das ferramentas e dos equipamentos.	CA1.1 Descríbironse e sinaláronse as zonas do taller da explotación.	P.E.
			CA1.2 Identificáronse as ferramentas e os equipamentos principais do taller.	P.E.



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o confinamento enviáronse ós alumnos exercicios de recuperación, repaso, reforzo dos contidos teóricos traballados durante as dúas primeiras avaliacións. As probas escritas de recuperación así como a proba extraordinaria versarán sobre estes contidos, con preguntas asimilables ás contidas nestes exercicios

PARA RECUPERAR A UD 1 Manexo do tractor e outros equipamentos de tracción a motor.

Se a recuperación vai ser presencial: Para recuperar a **parte teórica da UD 1**, deberánse recuperar os seguintes CA imprescindibles: CA1.1, CA1.2. Realizarase unha proba escrita presencial relativa ós dous CA. O peso desta parte teórica será do 40% da nota da UD. Para superar esta UD deberáse superar as dúas partes da proba.

Para recuperar a **parte práctica da UD 1**, deberánse recuperar os seguintes CA imprescindibles: CA1.7, CA1.8. Realizarase unha proba práctica de manexo do tractor e de enganche de apeiro. Será preciso que o/a alumno / alumna este equipado cos seus equipos de protección individual. Para superar dita proba será preciso obter un mínimo de 5 puntos. A duración será ate un máximo de 2 horas. O peso desta parte práctica será do 60% da nota da UD.

Se a recuperación vai ser telemática: Para recuperar a **parte teórica da UD 1**, deberánse recuperar os anteriores CA citados e realizarase unha proba escrita telemática relativa ós dous CA. Se supera esta proba, considérase superada a parte teórica da UD. Ante a imposibilidade de recuperar a parte práctica da UD 1 por non existir procedemento para avalialo telemáticamente, a docente do módulo en primeira instancia, e en segunda instancia en consenso co equipo docente, valorará a idoneidade do alumno para superar esta UD e por extensión, o módulo e a promoción de curso a pesar de non ter as habilidades ou destrezas na realización práctica do non adquirida ó non ter superada a parte práctica desta UD.

PARA RECUPERAR A UD 2 Mantemento básico do tractor e dos equipamentos de tracción.

Esta UD é eminentemente práctica, deberánse acadar os seguintes CA: CA2.1, CA2.5, CA2.6

Se a recuperación vai ser presencial: Realizarase unha proba práctica que abranguerá os tres CA citados. Será preciso que o/a alumno / alumna este equipado cos seus equipos de protección individual. Para superar dita proba será preciso obter un mínimo de 5 puntos. A duración será ate un máximo de 2 horas. O peso desta parte práctica será do 60% da nota da UD.

Se a recuperación vai ser telemática: Ante a imposibilidade de recuperar a UD 2 por non existir procedemento para avaliar contidos prácticos telemáticamente, a docente do módulo en primeira instancia, e en segunda instancia en consenso co equipo docente, valorará a idoneidade do alumno para superar esta UD e por extensión, o módulo e a promoción de curso a pesar de non ter as habilidades ou destrezas na realización práctica do non adquirida ó non ter superada a parte práctica desta UD.

PARA RECUPERAR A UD 3 Prevención de riscos laborais e de protección ambiental no taller agrario.

O carácter máis teórico desta UD permite a súa recuperación de forma telemática. Deberanse acadar os seguintes CA: CA3.1, CA3.2, CA3.3, CA3.4

Se a recuperación vai ser presencial: Realizarase unha proba escrita presencial relativa ós catro CA mencionados.

Se a recuperación vai ser telemática: Realizarase unha proba escrita telemática relativa ós catro CA mencionados.

PARA RECUPERAR A UD 4 O taller agrario. Ferramentas e equipamentos

A pesar de que esta UD ten un carácter práctico, pode adaptarse para facer a súa recuperación dunha maneira teórica. Deberanse acadar os seguintes CA: CA1.1, CA1.2

Se a recuperación vai ser presencial: Realizarase unha proba escrita presencial relativa ó CA1.2. Para avaliar se o alumno acadou o CA1.1 durante o segundo trimestre elaboraron un traballo de descrición e estudo dun taller, de tal forma que, para recuperar esta parte, aqueles alumnos que teñen sen entregar este traballo deberán entregalo.

Se a recuperación vai ser telemática: Realizarase unha proba escrita telemática relativa ó CA1.2. e por outra banda deberán facerlle chegar á docente o traballo mencionado.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Mesmo procedemento que os compañeiros, durante o confinamento enviaronselle ós alumnos exercicios de recuperación, repaso, reforzo. A proba extraordinaria versará sobre estes contidos, con preguntas asimilables ás contidas nestes exercicios. Neste caso non hai alumnos con PD. No caso que existiran sería o mesmo procedemento exposto no apartado 6a.

8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aplicarase o establecido no Procedemento PR.85.ORI Información e orientación profesional segundo os puntos relativos á Avaliación inicial, detección e atención de alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)